


# CABARET DARTRELA

Dramaturxia Dar Trela  
Teatro

*(Soa música estridente e festeira. Polos flancos do escenario entran*



*divididos e coloridamente todos os integrantes do Cabaret, saudando, bailando, montando festa... O mestre de ceremonias vendo que a loucura se vai das mans colócase no centro e quere cortar a troula...*

### **ESCENA 0 - PRÓLOGO / PRESENTACIÓN**

**JOSE ÁNGEL:** Donas e cabal.... jem...

**TODOS:** Ejem....

**JOSÉ ÁNGEL:** Donas e Cabaleiros

**CLARA:** ladies and gentlemen

**RUBÉN:** Xordos e Xordas,

**RITA:** Señoras e señores...

**TODOS:** E señoros!

**JOSE ÁNGEL:** e señoros tamén, que vexo algún Abascal por aí...

**TODOS:** ABASCAL??? (*Silencio...*)

por aí, por aí (*besbellando, rosmando*)

**AURORA:** fillos e fillas...

**ROSA:** E filles!!

**AURORA:** E filles cona, e filles...

**ANGIE:** Sexan benvides...

**CHICHO:** E non binarios!

**CHUS:** Bigéneros!

**CLARA:** Fluídos!

**ANGIE:** Espello!

**XABI:** Panxénero!...

**JOSE Á.:** Abonda ¡!!

**RITA:** todes es xéneres eceptedes neste seciedede sedes benvides -ao auténtico-

**VANESA:** humilde,

**ROSA:** sincero

**ANGIE:** libre,


**CHUS:** tolo

**JOSE ÁNGEL:** e como non marabiloso Cabaret

**DARIO:** Enxebre ... (*Silencio....*)

**TODOS:** Enxebre (*Aplausos...*)

**CLARA:** este non é un espazo para os ofendidiños,



**RUBÉN:** aquí viviredes unha experiencia extrema  
**DARÍO:** feita de todes nós para todes vós...  
**ANGIE:** para ti que es estudante de historia  
**CHICHO:** e para ti que a lembrás,  
**RITA:** para ti que levas anos sendo unha muller insatisfeita,  
**TODOS:** Insatisfeita, Insatisfeita (*cantando*) (*orgasmo clara*)  
**XABI:** para vostede que non lembra nin ao seu propio fillo... (non se enfade que nuns minutos tampouco me vai lembrar),  
**XURXO:** para vostede que todo o mundo sabe das súas infidelidades...  
**CLARA:** non o negue, cantas veces foi de putas eh?...  
**TODOS:** putero,vai de putas...(rosmando, besbellando)  
**VANESA:** sexa libre! Aquí ninguén o xulgará...  
**TODOS:** Sexa libre! Aquí ninguén o xulgará...! (*Cantando*)  
**DARÍO:** Aquí ninguén o xulgará...!  
**ROSA:** para todas vós que non faltades un domingo a misa de 12  
**CHUS:** aínda que sabedes que Don Pedro acariciou aos vosos fillos cando lles daba clase  
**TODOS:** taméeeeen.  
**RUBÉN:** para ti vegano que non comes animais pero tes un can pequeniño pechado nun piso de 30 metros cadrados  
**AURORA:** para ti reprimida  
**CHUS:** para ti cachondo... (*quero foder contigo, de verdade*),  
**VANESA:** para ti que comes hamburguesas 3 días por semana  
**XURXO:** para ti que ris do diferente  
**XABI:** para ti que non ris pero es condescendiente  
**CHICHO:** para vostede señora que levaría unha decepción xigante se a súa filla viñese presentarlle ao seu noivo negro...  
**VANESA:** pero sen dúbida pensaría: aii porque non mo prestará para unha noite...  
**DARÍO:** para todas as mulleres feministas  
**ROSA:** e para as que non o sodes...  
**XURXO:** que si que si, o feminismo segundo a RAE significa igualdade, todos deberíamos ser feministas... como pode alguén non selo?...  
**AURORA:** pois non! Hai mulleres que non son feministas queda claro??  
**CHICHO:** Pois para vós tamén...  
**CHUS:** para ti negra,  
**ANGIE:** para ti lesbiana,  
**XABI:** para ti asexual,  
**JOSE ÁNGEL:** diverso,  
**CHUS:** machote,

**CHICHO:** pepera,  
**DARÍO:** podemita,  
**RITA:** gorda,  
**XURXO:** parvo,  
**RUBÉN:** idiota,  
**DARÍO:** inculta,  
**VANESA:** guapa pero tonta,  
**ROSA:** tonto pero feo...  
**TODOS:** para TODES OSTIE TODES!  
**RITA:** Todes sodes benvides ...vale?  
**XURXO:** sen discriminacións...  
**TODOS:** sen discriminacións... (*manifestación*)  
**RUBÉN:** benvidos ao puto,  
**AURORA:** fodidamente absurdo,  
**CHICHO:** innecesario,  
**RITA:** irrelevante  
**XABI:** impuro...  
**JOSE ÁNGEL:** with de lights, with the music...  
**TODOS:** CABARET DARTRELA! .. adiante!!!

*(cae no escenario unha Caixa misteriosa que deixa a todos petrificados... achéganse a mirar con medo e curiosidade pero de súpeto... soa música operística e Luz nun dos palcos...)*

## ESCENA 1 – ÓPERA PLÁSTICA

*(Sae a escena lentamente, moi de vagar e movéndose como Gloria Swanson en Sunset Boulevard <https://www.youtube.com/watch?v=SA9IFsiut2Q>.*

"Y me bendijo a mi mare;  
y me bendijo a mi mare.  
Diez séntimos le di a un pobre  
y me bendijo a mi mare.  
¡Ay! qué limosna tan chiquita,  
qué recompensa tan grande.  
¡Qué limosna tan chiquita,  
qué recompensa tan grande!"  
¿A dónde vas tan deprisa  
sin desirme ni ¡con Dió!?  
Me puedes mirá de frente,  
que estoy enterao de tó.  
Me lo contaron ayer  
las lenguas de doble filo,  
que te casaste hase un mé  
y me quedé tan tranquilo.  
Otro cualquiera en mi caso,  
se hubiera echao a llorá,  
yo, crusándome de brazos  
dije que me daba iguá.  
Y ná de pegarme un tiro  
ni liarme a mardisiones  
ni apedrear con suspiros  
los vidrios de tus barcones.  
¿Que t'has casao? ¡Buena suerte!  
Vive sien años contenta  
y a la hora de la muerte,  
Dios no te lo tenga en cuenta.

*(Quedase mirando a unha muller cualquiera, acércase a ela...)*

Bonitas tetas!!! Son de plástico?... Non pretendo ofender, eh?. Todo o contrario. É un piropo... E dos grandes. Non podo facer un halago maior. O maior "cumplido" que pode saír da miña boca é preguntar se algo é de plástico. O plástico é o mellor da vida. A razón de ser, de estar e de existir do ser humano... Ben, non sei se do ser humano, pero da miña sí. Sen plástico non sería máis que... Digamos que sería coma vós.  
Pola maná soa o espertador e gozo apagándoo sentindo a calidez do seu

plástico. Acariño cada centímetro deixando que o primeiro orgasmo do día entre no meu corpo a través dos meus dedos.

Métome na ducha e bótome xel e xampú dun bote de plástico que converte o espeso fluído nunha saliva sensual que empapa todo o meu corpo e atópome unha vez máis ó borde do orgasmo, orgasmo que culmina cando seco o pelo co meu super secador de plástico.

Na cociña fago un zume de laranxa co meu espremidor de plástico e unto unha torrada con manteiga saída dunha tarriña de plástico.

Vou traballar e os libros están forrados de plástico. Os estoxos son de plástico. Os bolígrafos son de plástico... A miña xornada laboral é un continuo orgasmo.

Xanto unha peituga con xudías que veñen en bandexas de plástico e de sobremesa tomo un iogur nun vasiño de plástico, o que converte un insulso cantar no dragón Kan da gastronomía.

Vou mercar ó super e agarro un carriño de plástico para facer a compra, compra que levo á miña casa en bolsas de plástico: aceite, lavalouzas, compresas, azucre, sal, patacas fritidas.... Todo, todo en plástico!!!! *(Pode ir excitándose con cada produto e dicir a última frase CUN orgasmo épico).*

Dou un paseo polo parque e vexo á dereita, á esquerda, diante e detrás lixo de plástico que a xente bota en papeleiras de plástico, ou no seu defecto con bolsas de lixo de plástico... E non me queda máis remedio que ir correndo á miña casa para non ter o terceiro orgasmo diante dun rapaz de sete anos que leva na man un camión de plástico e que consegue que me ferva a perrecha coma unha pota express *(pausa)*... O camión de plástico, non o rapaz. E cando chego á casa alcanzo o clímax orgásmico ceando unha pizza xa preparada envolta en plástico.

E por fin caio rendida en grimosas sabas. Sabas 100% algodón dexesando que sexan as sete para tocarte, sentirte, cheirarte, verte, posuírte, saborearte... Porque sen ti a vida sería antinatura. *(Isto vaino dicindo mentres se dirixe cara a muller do principio e bérralle ás súas tetas...)*  
QUÉROTE PLÁSTICO!!!!

*(Continúa co monólogo no mesmo ton que ó principio)*


Que si al pie de los artares  
mi nombre se te borró,  
por la gloria de mi mare  
que no te guardo rencor.  
Porque sin sé tu marío,  
ni tu novio, ni tu amante,  
yo fui quien más t'ha querío,  
con eso tengo bastante.

*(Cando se está marchando detense de súpeto diante dun home aleatorio do público. Quédase mirando fixamente para el cun sorriso malicioso e dille...)*

Bonita Ferramenta!!! É de plástico?

*(volve soar a mesma música mentres marcha a diva con xestos de grandeza...a música córtase e entra por patio de Butacas cara o escenario O Director de Orquesta polo carril central da platea con xesto firme e decidido e como inquisidor co público real dándolles a entender a importancia da actuación e a concentración necesaria... sobe ao escenario e de costas ao público coloca a Caixa misteriosa en forma de atril usando o elemento como se lle fose coñecido)...*

**ESCENA 2 – ORQUESTRA ELÉCTRICA DA**  
**PANTOMIMA**



Director: Estimado público!!! O coro e orquestra do zoo municipal de Johannesburgo ten o pracer de interpretar para vostedes o quinto movemento do concerto sinfónico número 3 opus 37 do insigne e vilipendiado compositor de música para animais Johann... Esburgo. Esta peza estará interpretada polos primates do noso zoo. Os gorilas e orangutáns serán os tenores e barítonos. Os macacos farán as funcións de mezzosopranos, os mandriles serán as sopranos e, lóxicamente, os chimpancés tocarán as maracas... non podía ser doutra maneira.

*(Dase a volta e, agora sí cara o público, sobe na caixa coma se fose un estrado e comeza a prepararse para dirixir ó público)*

Os da dereita, por favor, seredes os gorilas e orangutáns. A esquerda mandrís e macacos. Os que se sintan “ofendidos” serán os chimpancés e cando lles indique poden vir a tocarme as maracas... O meu sinal empezaremos cun AHHHHH!!!! Ben forte en si bemol, dacordo?... Un, dous...

*(apagáanse as luces)*

**CHICHO:** Qué pasa? Quen carallo apagou as luces? Que teño que dirixir a estes primates, poramordedeus!!!!

*(Dunha das patas sae unha man cunha carta)*

- ““Ei!!! Chssss!! (axita a carta)””

*(O director cóllea e le... escándalízase, enfádese, enérvase...)*

**CHICHO:** Outra vez?... Non me...!! Isto xa é rirse dun, cona!! E polo mesmo importe da outra vez!!!

*(Quédase mirando un segundo para o público e dispónse a contarlle a historia da outra vez... cambio de estilo)*

**CHICHO:** 347€!!!... De golpe!!... Dun tirón!!... Con dous collóns así de grandes!!... 347€, ese é o importe que me chegou hai algún tempo da factura da luz.

O dobre da factura do mes anterior.

Facendo exactamente o mesmo uso da electricidade que o mes anterior. Usando os mesmos interruptores do mes anterior e acendendo e apagando as mesmas lámpadas do mes anterior.

O que, despois de moito cavilar, lévame a supoñer que alguén cometeu un erro na lectura do contador, porque nunca se me ocurriría dudar da boa feda das compañías eléctricas.

Polo tanto cun sorriso nos beizos, tarareando unha canción das tanxugueiras e sen cagarme na puta nai que pariu ó puto presidente da puta compañía eléctrica achégome ata o contador e... efectivamente, houbo un erro... bastantes KW de máis... Sen mala intención, claro. As eléctricas velan polos nosos intereses e só buscan o noso benestar.

A partires dese momento comeza a maior aventura xamais vivida polo ser humano.

Na factura viña un número de atención ó cliente. Chamei...

*(A partires de agora cando fale como máquina ou operadora farao sentado na caixa facendo a manicura ou algo polo estilo e co típico soniquete das teleoperadoras)*

- “ ” Bienvenido a nuestro servicio de atención al cliente. Si quiere información sobre su factura marque el 0, si no... espere.”

**CHICHO:** Premo o “0”.

- “”Si quiere saber el precio del Kw/h marque el 1, si no... espere.””

**CHICHO:** Obviamente espero. ¿Qué outra cousa podía facer?.

- “”Si quiere saber a cuánto ascenderá la subida del Kw/h durante el año en curso marque 2, si no... espere””

**CHICHO:** Espero.

- “”Si quiere saber los motivos que argumentaremos para la subida del Kw/h marque 3, si no... espere””

**CHICHO:** Recoñezo que aí picoume a curiosidade e estiven tentado a premer o 3, pero fixen de tripas corazón e esperei.

- ""Para comunicar una avería marque el 4, si no... el 5""  
**CHICHO:** Non sabía se isto se podía considerar una avaría. ¿Premo o 5 ou nonpremo o 5?... Voume arriscar e vou premer o 4.
  
- ""Para reclamaciones marque el 6""  
**CHICHO:** Agora sí... Marquei o 6... Bos días. Quería facer una reclamación referenteá lectura do meu contador.
  
- ""Encantada de atenderle. Mi nombre es Jocelyn. Permítame indicarle que esta línea sólo tramita incidencias en castellano. Para atenderle en su dialecto debe de llamar a otro número de teléfono los martes de 8 a 8:30 ""  
**CHICHO:** "¿Dialecto?"... Dialecto mis cojones. Para dialecto el tuyo que te comes la papaya del papito con guacamole chingón"... polo menos iso é o que quería dicirle, pero a "hijueputa" era una sudamericana moi agradable, así que lle dixen: No se preocupe señorita. Con inmenso agrado expondrémi interpelación en la lengua de Cervantes.
  
- ""Si puede ser en castellano se lo agradecería, señor...""  
**CHICHO:** Así que dispúxenme a facer a miña reclamación en castelán.
  
- ""Perdone, señor. Pero para reclamaciones relacionadas con averías del contador debe usted llamar a otro número""  
**CHICHO:** Si, señorita. Pero mi reclamación es por una lectura errónea no por el putocontador.  
A estas alturas da película eu xa perdera toda a paciencia que pode ter un galego de pro.
  
- ""Lo entiendo, señor. Pero una lectura errónea se traduce en un cobro, por lo que, desgraciadamente, yo no puedo hacerme cargo de su reclamación. Si es tan amable llame usted al nueve dosdos nueve dosdos nueve dosdos.""  
**CHICHO:** Non me toquelo collós (collóns, rima..) pensei para min facendo una elaborada rima. Así que colguei e marquei o número de marras. Esta vez atendeume o que supoño era o papito da papaya de guacamole chingón.

*(Fará o mesmo xogo que coa telefonista)*

- “”Perdone, señor. Pero para reclamar un importe erróneo ha de hacer la reclamación por escrito en papel con un gramaje de 80 gramos y entregarla presencialmente en la oficina más cercana a su lugar de empadronamiento. Presentando dicha reclamación a la atención del gerente de dirección técnica de dicha oficina. Sin olvidarse de adjuntar una fotocopia a color compulsada de su D.N.I. o en su defecto del libro de familia.””

**CHICHO:** Colguei... non podía facer outra cousa.

Ben, primeiro cagueime nos seus antepasados dende Colón ata Hugo Chavez e logo colguei.

Fixen a puñeteira reclamación presencialmente na puñeteira oficina ante o puñeteiro xerente, que por riba era calvo.

Quedamos en que recibiría resposta vía postal. Resposta que tardou un mes en chegar só para dicirme que recibirán a miña queixa e que procederían a súa comprobación.

Comprobación que un mes despois aínda non fixeran, polo que comecei de novo a miña aventura entre panchitas, panchitos e xerentes calvos só para dicirme que estaba en proceso.

Escribín tres cartas máis. Falei con dous Carlos Alfredo e un Ricardo Jonathan e cagueime nos mortos dunha Joicy, unha María Gabriela e una Dulce Rosario...

E nove mese despois... recoñeceron o seu erro de lectura cal parto doloroso de trillizos tontos, demostrando unha vez máis que as eléctricas non só te foden, senon que tamén te preñan.

Vou facer una chamadiña de teléfono.

Ide ensaiando o AH! en Si bemol que eu logo volto.

Os chimpacés da última fila vide conmigo que imos tocar unhas cuantas maracas.

*(Soa música e do telón do escenario sae Anxo en modo mestre de cerimonia facendo a presentación de Clara e Chicho (Terán nomes artísticos), pedindo un aplauso para eles como primeiros números do espectáculo e dando de novo a benvida en modo Stand Up aos espectadores)..*

### **ESCENA 3 – INTERLUDIO MESTRE LOUCURA 1**

Un fortíssimo aplauso para os nosos primeiros artistas da noite Pitina Von Couce (Miss PVC) e Paco Piberdrola (Pe-pé para os amigos e coñecidos) un forte aplauso para eles...

Benvidos de novo ó mais grande espectáculo que se pode atopar nestes tempos e por este prezo.

Prepárense para sentir un carrusel de emocións que os levarán do pranto á carallada, do abstracto ao tanxible, da reflexión á impulsividade, da cordura á tolemia

*(senta na Caixa a modos de sofá... escóitase unha queixa que non se sabe de onde ven... sorpresa e levántase... o mestre continúa algo mosca...)*

E falando de tolemia... a pandemia!... vaia dous anos... entra en casa, queda nela, lava as mans, os alimentos, as portas, os zapatos... despresurízate cando entres...non toques portas, ferros, caras, mans... (fai o xesto de apoiarse no sofá)...

**SOFÁ:** Non me toques sen lavar as mans!!

**HOME:** Ostia!!!! Quen dixo oso?

**SOFÁ:** Eu.

**HOME:** ti!

**SOFÁ:** Si, eu!

**HOME:** *(Risa nerviosa)*...Ben, por onde iamos... o número que ven a continuación...

**SOFÁ:** é unha merda!

**HOME:** é unha metáfora...

**SOFÁ:** Unha merda!!

**HOME:** unha reflexión vital cargada...

**SOFÁ:** de Merda! Caca! Bosta!...

**HOME:** Abonda!!! Quen é o gracioso, graciosa ou graciouse?? *(dirixíndose ao público)*...(Silencio e momento de non entender e inicio de medo... recúa e vai sentar no sofá escoitar....

**SOFÁ:** *(Berrando)* Nin se che ocorra!!!

**HOME:** *(Asustado)* Ostiaquetepariu!!!!

**SOFÁ:** Non pretenderás sentarte enriba de min non? Quen te cres que son?

**HOME:** como é posible...???

**SOFÁ:** Si, si, si... Son consciente do meu cometido e do meu destino ... Pero todo con moderación.

**HOME.** Como que con moderación?

**SOFÁ:** Claro!!! Non vas botar todo o día enriba de min, non?. Terás que facer máis cousas.

**HOME:** Non se pode saír a rúa... o Goberno di que é perigoso...

**SOFÁ:** Espera. Espera!!! Para un momentíño. Creo que deberíamos facer una pequena pausa para pór a esta xentiña en situación... *(fálalle ao oído)*  
*(HOME diríxese ó proscenio para falar co público)*

**HOME:** *(asustado sen entender)* Señoras e señores. A efectos do espectáculo atopámonos no mes de Abril do ano 2020 en pleno confinamento por mor do covid. *(ó sofá)* Así?

**SOFÁ:** Non ten moito sentido.

**HOME:** Si. Moito sentido non ten, non.

**SOFÁ:** Entón?

**HOME:** Agarda... Rapaces!!!! Non vexo que isto do 2020 teña moito sentido

**TODOS:** É unha convención que mantemos co espectador

**HOME:** Ahh .. vale *(dubitativo)*

**SOFÁ:** estás ben?

**HOME:** ... pfff...sssss... iiii?

**SOFÁ:** seguro??

**HOME:** teño un pouco de ansiedade agora...

**SOFÁ:** A ansiedade e o estrés son as enfermidades do século XXI... o 75% da poboación tenas... e leva a desenvolver moitas patoloxías mentais máis graves... Bipolaridade, esquizofrenia, tolemia crónica...

**HOME:** eu xamais tiven nada diso...

**SOFÁ:** Estás falando cun sofá...

**HOME:** Merda...

**SOFÁ:** E xa non falemos dos problemas na vida sexual

**HOME:** *(sorprendido)* eu non teño diso!

**SOFÁ:** que cada día 4 ou 5 veces, o esperma brote da túa manivela cal geiser nos fiordos de Islandia despois de frotar a lampadiña durante cinco minutos pode considerarse unha enfermidade.

**HOME:** *(Avergoñado)* Non son cinco veces...

**SOFÁ:** xa... a veces son máis...

**HOME:** Cala!

**SOFÁ:** nestes meses ata contei 10 nun día...

**HOME:** Calaaa!

**SOFÁ:** Geiser vai, Geiser ven.

**HOME:** Calaaaaa!

**SOFÁ:** e a miña funda sen lavar... vas quedar cego!

**HOME:** Arrrrghhhh...

**SOFÁ:** e eu preñado...

**HOME:** que cales OSTIAAAA!!!

**SOFÁ:** ves? Agresividade... outro aspecto propio dos trastornos psicolóxicos...

*(Silencio... )*

**SOFÁ:** *(susurrando)*... podo dicirche un segredo?...

**HOME:** ...

**SOFÁ:** Achégate... máis... Máis... Isto non é unha pandemia... é unha plandemia para controlar á poboación...

**HOME:** Me cago en... cala, cona... que carallo dis... se é polo noso ben.. e ademais, cantamos todas as tardes as 20:00 nas ventás... demostramos que somos unha sociedade xenerosa, responsable... resistimos ante as inclemencias destes tempos!

**SOFÁ:** *(cantando)* resistiré, erguido fronte a todo... me volveré, de pedra para endurecer la piel...

**HOME:** aiii foder... puto dúo dinámico!!

**SOFÁ:** coma nós... pero dúo onanístico... Geisser vai, Geiseer ven...

**HOME:** Pero por favor... Que es un puto sofá, por deus!!! Estamos tolos ou que?? En que mundo vivimos?...

En que mundo vivimos...

En que mundo viv...

*(soa música... o sofá presenta mentres o home está absorto coa mirada perdida...)*

**SOFÁ:** Donas e cabaleiros, non se deixen invadir pola Tolemia... porque xa estamos tolos... mexan por nós e din que chove... pois que carallo... abramos a boca e traguemos os residuos... bailemos ao seu son, que paraíso somos responsables, Respectuosos, empáticos, aceptamos a diversidade, respectamos as diferenzas, desprezamos o racismo, a homofobia, a intolerancia non?... pois bailemos....Bailemos!!!

*(Soa música...)*

## ESCENA 4 – BAILA MORENA

(Salgo polo centro)

**COREO** Apáganse as luces

**ANGIE:** Non, tranquilos...non é que os escenario estea mal iluminado ou que se fundise un foco e quedase sen luz... é que son de color... negro... que son negra!!... *(segue intentando bailar mentras gritan os monos)*...

Quen falou por aí? eh?... perdoe que non escoito ben *(os simios van aumentando o ruído)*...

ah, que falo moi ben o galego para ser negra??... moitas grazas... vostede tampouco parece una cara de unto a primeira vista... ou igual si...

qué? dígame señorita... pfff pois non o sei, supoño que o mesmo que ao ser branca... pero nós manchámonos menos e cambiamos menos de cor... o único que cambia é a relación cos demais... como me ven os demais*(encárase cos simios que soben o nivel de decibelios e ela opta por coller un micro , subo á caixa)*...

Ser negra significa entender que en certos espazos non es benvida... que tes que esforzarte o triple para que te tomen en serio... significa que descoñecidos se vexan no dereito de tocar o meu cabelo sen respetar o teu espazo e corpo que dean por suposto que a túa nai e puta...e claramento eu teño que selo...

E parecerávos que iso vén de persoas descoñecidas da rúa pero non, en realidade no meu grupo de “amigos” sufro racismo... enmascarado, sutil... microracismos!... que son como os micromachismos pero en negro... e é algo que tardei en detectar, quizáis é que me gusta o humor negro.... o que non sei è porque se utiliza a palabra negro para ese tipo de humor ferinte...

De feito, sen darme conta e co paso do tempo e do humor negro era eu a puta negra a que se sentía mal...e non os putos blancos ( miro para os menos e os sinalo) ( moito ruído de monos) Na actualidade o meu grupo reduciuse á metade... *(fai xesto de pegar un tiro e mata a dous membros do seu corpo de simios... os demais calan asustados por un segundo)*...e que non quero xente que non me aporte

E que se sente ao ser negra?? ( con pouca intensidade)

**Mono 1:** estar excluída todo o tempo. Lembro unha vez que tiven que agocharme dos país dunha “amiga” porque decía que eles non quería que

ela estivese con xente de fóra... o resto do grupo calou e eu agocheime...  
tiña 12 anos...

E que se sente ao ser negra?? ( con máis intensidade)

**Mono 2:** Estar moitas veces moi sexualizada... aínda que vistas con roupas anchas e urbanas, aínda que busques todos os xeitos de pasar desapercibida... as negras temos bo cu e seguro que baixo eses farrapos ten unhas boas cadeiras... podería contar as innumerables veces que me chegaron a preguntar canto cobraría por...

E que se sente ao ser negra?? ( con máis intensidade e cada vez máis cabreadas)

**Mono 1:** sentes que queres marchar e buscar onde encaixar... unha vez quixen facer un intercambio a un país onde a maior parte da poboación fose negra, quería sentirme formar parte de algo... escollín Río de Janeiro... Son Negra e Gilipollas... Amigas negras, podedes ir para comprobalo por vós mesmas...

**( o mono adiántase e séntase ó meu lado)**

E que se sente ao ser negra?? ( con intensidade e cabreada)

**Mono 2:** Por certo, tamén son Lesbiana... uuuhhhh aínda que poucas veces sentín discriminación por isto... supoño que é algo máis interno e invisible que o feitp de ser negra, pero aínda así...

**( o mono adiántase e séntase ó meu lado)**

**ANGIE:** estou destinada a estar sempre no foco ( *sinala o seu foco de luz*) e non me incomoda... (*Berra*) estou empoderada e me acepto como son... teño unha familia que me quere e respecta... ( *diríxese aos monos que quedan e fago un xesto de fraternidade*)

Así que por favor poña a música que quero bailar...

( fago xesto ó técnico e pon a música, empezó a coreo dende o principio)

(*Domino coa mirada a Chus que está no chan e a sinalo co dedo mentras os simios quedan en total silencio mirando para nós, ela acércase a min e a bico... dun xeito suxo pero ao mesmo tempo bonito, cariñoso... Chus queda no escenario con esa sensación de Bico que eriza a pel . Eu salgo do escenario polo centro*)

## ESCENA 5 – LIBRE SON, LIBRE SON... OU NON

**Chus** en escena asimilando o bico que se curta abruptamente con operarios que lle colocan unha cadeira, cascos de operadora, un teléfono, informes, etc... abafándoa con todo tipo de tarefas...

**ELA:** Deseños WATDEFK, un momento, por favor, mantéñase á espera....  
Deseños WATDEFK, un momento, por favor, mantéñase á espera....  
Espere, por favor, enseguida o atendemos.

**HOME1:** Oe! Sabes onde puxen onte o bolígrafo de asinar?

**ELA:** Nin idea

**HOME1:** Pódesmo buscar?

**ELA:** Teño tres chamadas en espera e estou a tentar rematar o deseño xeral do portal web do cliente. Non o podes buscar ti?

**HOME1:** Eu son o xefe. Non busco cousas (*sae*)  
(*Entra HOME2 polo lado oposto*)

**HOME2:** ti lembraste de cal era o meu contrasinal de tinder

**ELA:** Nin idea... Non te acordas del?

**HOME2:** Eu son o xefe... Non lembro cousas (*sae*)

**HOME 1:** Lembra que hoxe tes o briefing e o moodboard. Non te esquezas de concertar o meeting e anular a miña clase de spinning despois do launching.

**ELA:** Non sei se me dará tempo... Aínda teño que rematar o informe financeiro do trimestre. Se vas ti ó meeting podo chegar eu ó briefing...

**HOME1:** Eu son o xefe. Non vou a nada que remate en ing.

**HOME2:** *Secadra* se lle dicimos ó cliente que non se poden facer cambios na páxina web aforrámonos o traballo

**ELA:** Chámalo ti entón?

**HOME2:** Eu son o xefe. Non digo cousas

**HOME1:** Caéuseme o café na mesa... Límpasmo?

**ELA:** É que non sei se me dará tempo.

**HOME2:** *Secadra* vas ter que facer labor comercial a partir de mañá

**ELA:** Vai ser totalmente imposible... Non teño tempo material.

**HOME1:** Pícanme os *huevos*... Cando poidas vérs rascarnos

**HOME2:** Xa que lle vas rascar os *huevos*, se cadra podes aproveitar e limparme o cu que me parece que teño ganas de facer de ventre.

**HOME1:** Xa que vas limparlle o cu podes aproveitar e limpar o baño de homes que está ata arriba de merda

**HOME2:** Se vas furgar na merda non te esquezas de chamar á miña muller e dicirlle que a quero... *Secadra*

**HOME1:** Se falas coa súa muller dille que deixei os lentes na súa mesiña de noite

**HOME2:** *Secadra esta noite chámote para que me fagas a cea  
(Mentres van falando vanse achegando un a outro e ao xuntarse póñense  
a bailar a conga cantando)*

**HOME1 E HOME2:** Conga, conga, conga!... Non facemos nada... Xa o fas ti  
todo... que es a empregada

**ELA:** *(Desesperada)* ABONDA!!!! *(A Home1)* Tí vasmе comer as tetas *(A  
Home2)* E ti vasmе rañar a cona

*(Home1 e Home2 quedan conxelados ata que lles toque falar)*

**ELA:** *(Dende proscénio... cambio radical, respiración profunda e son de  
Frozen ...)*

E SE TRABALLAS 12 HORAS!?

E LOGO COBRAS UNHA MERDA?

E SE ESTÁS ATA A CONA XA, DE VER O CÚ DO TEU XEFE NO SOFÁ?

ESTOU DESCONCERTADA, POR AQUÍ NON VEN NINGUÉN, SO A FIN DEMEÉS  
!

PORQUE HAI QUE FACTURAAAARR!! NON VES QUE HAI QUE  
FACTURAAAARR!!!

*(HOME1 e HOME2 comezan a moverse polo escenario coma o coelliño do  
anuncio das pilas duracell dicindo con voz de robot...)*

**HOME1 E HOME2:** ¡¡Facturar!! ¡¡Hai que facturar!! ¡¡Facturar!! ¡¡Hai que  
facturar!! ¡¡Facturar!! ¡¡Hai que facturar!!

**ELA:**

E SE TI TAMÉN TRABALLAS 12 HORAS?

E LOGO COBRAS UNHA MERDA?

E SE LEVANTAS O CU DO SOFÁ E TE POS A TRABALLAR??

SEGURAMENTE SABERÍAS O QUE HAI QUE FACTURAR PORQUE NON TE  
ENTEIRAS

DE NADA!!!!

PORQUE HAI QUE FACTURAAAR!! NON VES QUE HAI QUE FACTURARR!!!

## ESCENA 6 – LIBERTAD, LIBERTAD, SIN IRA? LIBERTAD...

*A música fúndese co inicio de canción de Julio Iglesias, soy un truhán, soy un señor... saen Chicho e Ivan levando a ROSA no carretillo ata que lle axudan a subir a Caixa, logo vanse por patas.... E a clown ROSA queda soa... sobe á caixa en modo peana en silencio...*

**ROSA:** Pero que público más tonto tengo!

¡Uy, perdón! Que estas cosas se piensan, pero no se dicen...

Es que me pierde la boca. Bueno, también influye que soy un payaso y los payasos decimos siempre la verdad. A veces la camuflamos un poquito... "pacer gracia" ... *(Se pone triste)*

Pero a veces en vez de hacer gracia damos pena. Y es que, la gente no se ríe con lo que decimos o con lo que hacemos... o con lo que pensamos...

Por ejemplo *(a alguien del público)* ¿Tú eres machista o feminista? *(Interactúa con el espectador esperando a que responda y entablando un diálogo)* O eres A o eres B... tenemos que ser machistas o feministas, no hay término medio. O sea, actitud de borrego.

¡¡NOTICIA!! "A lo largo del año han muerto tropecientos mujeres por violencia machista...".

Pero lo correcto sería violencia de género y los datos reales serían muerte de hombres y mujeres.

Y yo me pregunto los suicidios de los que matan a la mujer y después se suicidan. ¿A que estadística van? *(Suenan abucheos y gritos en OFF)*

BUENO, BUENO TRAIGO OTRA NOTICIA!! "Unos espectadores han insultado y hecho burla de un futbolista negro" ...

Los borregos del fútbol llevan toda la vida haciéndolo con los árbitros que no pitan los resultados que ellos quieren, con los futbolistas que se cambian para el equipo contrario, con los entrenadores que no consiguen los resultados que ellos quieren....

Y ahora van y se escandalizan porque insultan a un futbolista negro. Cuando el problema del racismo es algo más profundo. Y cuando le damos importancia a esta noticia lo banalizamos *(Abucheos en OFF)*

VALE, VALE TENGO OTRA NOTICIA!! "Aumentan los casos de violencia en el medio sanitario" ... Por qué?

Pues por muchas causas : Porque la violencia está en todos los ámbitos de la sociedad, porque en la sanidad se han hecho muchos recortes en las prestaciones y esto conlleva que la gente acuda asustada o enfadada y la toma con los que estan en primera línea. Y también porque no decirlo hay algunos profesionales que son unos autenticos incompetentes!!!!

*(Abucheos)*

*BELEN (lee):cando Rosa decidiu facer esta escena creou una conta en twitter,baixo o nome de CLOWN HATER para ver as reaccions da xente real e colgou un tweet con alguha das frases que usa neste monólogo....O que vos vos vou ler é totalmente real:*

*Chaman24 puxo: NO PODÍAS HABER ELEGIDO MEJOR TU NOMBRE PAYASO!!!*

*Jarripotter 22 dixo:MÁS MACHISTA MISÓGENO Y RETRASADO NO SE PUEDE SER, ASÍ VA ESTE PAÍS...HABIA QUE QUEMAROS A TODOS HIJOS DE PUTA!!!*

*E BoniBoni comentou: SI TE VEO POR LA CALLE SE VA A SUMARUNA VÍTIMA MÁS EN TU ESTADÍSTICA DE HOMBRES, PUTO AGRESOR....*

*Así funciona esta sociedad actual.*

*VOZ EN OFF*

Los payasos decimos siempre la verdad. A veces la camuflamos un poquito... “pacer gracia” ... Pero a veces en vez de hacer gracia damos pena. Y es que, a veces, la gente no se ríe con lo que decimos o con lo que hacemos... y un payaso que no hace reír es un “pobre payaso” ... Aunque a veces diga la verdad diciendo una mentira.

## ESCENA 7 – MANUAL DA BOA MULLER, ESPOSA, ESCRAVA

*(Luz nun dos palcos coma se fose un altar... vemos o personaxe dun sacerdote cun elemento como unha estola que a identifica e con música eclesiástica comeza a súa homilía)...*

.... Y Dios le dijo a Eva: “Aumentaré tus dolores cuando tengas hijos, y con dolor los darás a luz. Y sólo desearás a tu marido que te guiará y te mantendrá en el buen sendero y él tendrá autoridad sobre ti. Y cuando te sientas excitada y tu cuerpo te pida que lo penetren, cuando cometas la herejía de iniciarte en la actividad sexual por vez primera, también te dolerá... ¡¡¡TE DOLERÁ!!! Pecadora ¡Que eres una pecadora!“... Es palabra de Dios. Podéis ir en paz.

*(Baixa do palco coa homilía e no escenario usando o mesmo complemento pono na cabeza como o pano das beatas eponse de xeonllos).*

¡Demos gracias a Dios!

*(érguese para marchar da igrexa e alguén bérralle... ela coloca a estola como lazo cotián dunha muller para suxeitar o pelo)*

Nena, seica xa tes mozo? Pois mira, ten moito coidadiño porque en canto te lle poñas por baixo xa non o sacas derriba. Despois é para o único que te queren”

*(Tamén berrando)* Descoide, señora Felisa. Descoide, que o meu mozo é bó rapaz. Marcho correndo, que chego tarde ás clases. *(Marmura para sí)*

*(volve pór a estola como sacerdote en clase de relixión no centro do escenario)*

¡Queridas alumnas! ¡Queridas niñas! Queridas mujeres, podríamos decir ¿Verdad? *(mirada lasciva)*, Porque ya sois mujercitas *(Se relame y limpia la baba)* La mujer ha de hacerse respetar... Se debe en exclusiva a su marido... Y no ha de entregarse al hombre hasta el matrimonio. Debéis de saber, apreciadas alumnas, que aquella mujer que se acuesta con alguien que no es su esposo no es digna de Nuestro Señor y será castigada con el fuego eterno ¿Entendeis lo que quiero decir?

*(pon o lazo no pelo e fai de alumna)*

Debéis seguir el ejemplo de María. Nuestra santísima madre ¿Verdad? Y, ante todo, repito; hacerse respetar. ¿Y cómo? Os preguntareis, pequeñuelas mías... Ocultando aquellas partes del cuerpo que pueden

encender las pasiones del hombre... *(Según las va enumerando va aumentando su excitación hasta llegar casi al orgasmo)* El cuello... Los hombros... las...las... Las piernas... Los pepepeepchosssss!!!!!! No debemos incitarlos al pecado, como hizo Eva con Adán. ¿Os ha quedado claro, hermosas mías?

(O complemento convértese agora nunha gravata e soa de fondo... diríxese ao lateral esquerdo da parte frontal do escenario e ao ceo cando fala)

- Qué! Vale así? Podo marchar xa?

(Sae a escena o namorado e cruzan as miradas no centro da parte frontal do escenario. Camiñan un cara o outro ata que se unen para bicarse. O momento rómpese coa voz en off).

\*Manual de la buena esposa y amante:

- No digas nunca “NO” a los deseos de tu marido. Y mucho menos intentes excusarte con frases manidas y falsas como “me duele la cabeza” o “tengo la regla”. Tu marido conoce bien tus circunstancias y sabrá lo que es mejor para ti en todo momento.
- No manifiestes en alto tu estado de excitación, concéntrate en el placer de tu marido, para que pueda disfrutar y conseguir el premio que se merece por todo lo que te da.
- Aunque tengas ganas de realizar el acto sexual, no has de ser tú quien tome la iniciativa. Una buena esposa no ha de imponer sus deseos a la cabeza de familia y mucho menos tentarlos para realizar un acto sexual que, a lo mejor, no desea en ese momento
  - No pierdas el tiempo con preliminares. Los preliminares son la antesala del infierno. Ejemplo de vicio y depravación. Si quieres y respetas a tu marido, no te harán falta.
  - Preocúpate por saber si tu marido disfrutó haciendo el acto sexual. Si no hubiese disfrutado medita intentando averiguar en qué le has fallado
  - Finge, si es necesario, el orgasmo. Ya sabemos que a las mujeres no tienen la capacidad biológica de disfrutar al mismo nivel que los hombres, pero tu marido tiene derecho a ser aclamado por su virilidad.
  - No importa que no llegues al climax, ni siquiera importa que llegues a disfrutar un poquito.... Es bien sabido y corroborado científicamente y biológicamente, que una mujer, al contrario que el hombre, puede vivir perfectamente sin sexo.

¡¡Arriba España!!!

(Acompáñase con movimientos e queda tirada diante do público. Comeza

a erguerse ocultando a cara co pelo e golpea coas duas mans o chan de xeito rítmico ata que de súpeto para, descubre a cara e ouvea coma unha loba.)

**ESCENA 8 – STREEPNABIZAS DAS MALAS MULLERES, ESPOSAS, NON  
ESGRAVAS**

*(Soa unha música de striptease recoñecible (con You Can Leave Your Hat On curámonos en saúde) e saen dúas mulleres a escea bailando sensualmente pero vestidas como as avoas do pobo con bata e todo <https://casaindalesi.com/tienda/bata-mujer-corta-sin-mangas-cuadros-en-azul-y-rosa/>)*

*Por encima da roupa e nos petos levarán hortalizas pegadas, das que se irán desfacendo de forma provocativa. Sachos e anciños poderíanlles servir para usalos tipo varra pool e mesmo, nalgún momento, satisfacer.*

*Se é posible o baile pode subir de ton con movementos sensuais entre elas e simulación de tocamientos.*

*O baile ha de ser sensual pero debe de notarse que non son expertas niso, con tropezos, caídas, miradas entre elas como preguntando Quítome isto?... Isto está ben feito?... E cousas polo estilo.*

*O striptease debe de durar polo menos ata o momento de quitarse a bata Nun momento dado unha delas vai a alguén do público e tenta facer un baile super provocador pero detense cortada...)*

**AURORA:** Que fas?. Por que paras?. Que estás a fodelo Show, muller. Non ves que o tes aí xa... en modo fervenza?

**RITA:** (Ó espectador) Desculpe cabaleiro. (Sube e fala con AuroraA) Non é pasarse un pouquiño?

**AUROA:** Que va!! Agora vén o climax do número. Achégaste a él, aí, sen tocar, en plan quentorro  
(facendo ela os movementos)

“Dámelo todo papi. Dámelo todo papi”

**RITA:** E que ese dálle que dálle aí diante do pobre home... E deixalo así todo inspirado... Un pouco “calientapollas” paréceme, non?

**AURORA:** Pero se non estás facendo nada. Aí non hai roce, non hai... Non hai toque de pel. Non hai nada.

**RITA:** Xa... pero é coma se fose un pouco (besbellando)... Puta

**AURORA:** Pero se acabamos de facer iso mesmo hai un momento aquí arriba entre nós... Que pasa? Que eu tamén son puta?

(RITA Raña a cabeza e frunce a boca)

**AURORA:** (Enfadándose)

Que pasa? Que eu tamén son puta?

**RITA:** Non!!!!!! Que va, muller!!!! Deusmelibre!!!!

**AURORA:** Pois xa está!! É unha forma de bailar. De expresarse. De... De liberarse.

**RITA:** Eu cando me quero liberar saco o sostén. Libero a mili e vanili e non vexas. Quedo como nova

**AURORA:** Non liberar de quedar cómoda físicamente. Liberarse daquí (*Sinala o seso*).

Ser libre... Ser muller... Expresarse libremente... como fan os homes con nós. Facelos sentir incómodos ó vernos así... empoderadas, sen restriccións... Como... como....

**RITA:** Putas!!

**AURORA:** Mulleres!!!

Megustamicuerpoylomuevo.

(*Volve soar a música e comeza a moverse facendo que vai quitar a bata*)

Xa vos gustaría!!!

Traede unha fregona para o rapaz ese da fila do medio que ten o chan todo mollado de babas... espero que sexan babas.

**RITA:** Pobriño... Nótase que está falta de cariño.

**AURORA:** Si... E que non molla o geyperman.

**RITA:** Claro!!! Está o pobre home aí coas súas carencias e por riba vou eu a restregharlle nos morros o meu....

**AURORA:** Pero que restreghar nin que restreghar. Se non restrejam nada.

**RITA:** Non sei... Eu son máis de miradita... de sorrisita.... De ruborizarme.

**AURORA:** Ben. Perfecto!!!. Pero mira, sorrí e ruborízate sen medo.

**RITA:** Sen medo!!!

**AURORA:** Con forza

**RITA:** Con Forza!!!

**AURORA:** Empoderada.

**RITA:** Empod... non sei. A min góstame que me “cortexen”

**AURORA:** Que te...? Nun cortello sí que te metía eu

**RITA:** Ademáis. Nun cortexo a persoa cortexada é quen leva a batuta. (*cun tono cursi*) “Uy. Caballero. Pero que atrevido es usted. A mi me gustan las flores”. E o día seghinte... Zas!!!! Ramiño de flores... “Uy, caballero. No sé que decirle. Es que tengo un hambre que no me deja pensar”. Zas!!! Cea gratis... ¿Ves por onde vou?

**AURORA:** Pero si iso é máis ou menos o mesmo que estamos a facer aquí , pero cambiando as palabras por movementos. Mira... (Baixa ata onde estaba o espectador/a do principio e móvese sensualmente diante del mentrasimita a RITA) “Uy caballero que paquete más grande tiene usted.. Déjeme ver si me coje en la mano” ... Zas!!! Polvo gratis

**RITA:** Non sei eu se...

**AURORA:** Que sí muller... E funciona cos dous xéneros. (*Dirixíndose a una muller*)

“Uy, señorita, que labios máis carnositos tiene usted”

**RITA:** Zas!! 69 al canto... Vexo, vexo por onde van os tiros

**AURORA:** *(Xa no escenario)* Claro. É coma un cortexo, pero un cortexo empoderado.

*(Comeza a soar de novo a música e empezan un novo baile agreste/sensual mentres se van vindo arriba e como en comunión cada vez entran en subidón de liberación persoal e sendo máis e máis intensas nos movementos e sensualidade... e cando están no punto climático e a que é mais recatada está case convencida... míranse e saen correndo cada unha cara unha pata e no canto de espirse en directo soamente mostran as batas caendo coma se a fin e ó cabo liberarse desa educación fose imposible... deixan caer as batas ao unísono...e escoitase entre bambalinas...*

**B:** COVARDE!

**A:** PUTÓN!

*(soa a música... La vida sigue igual)...*

## ESCEA 8B

*(a música é detida abruptamente polo mestre de ceremonias ANXO que outa vez co Leimotiv de "ABONDA" fai que elas se deteñan es marchen por patas avergoñadas.... Pero en realizade ese "Abonda" era de novo unha apelación ao seu sofá e a posible tolemia que está a experimentar...)*

**XOSÉ A.:** Xa, Xa... vouche dicir unha cousa anaco de tea, coiro... ou oque cona sexas...

**SOFÁ:** esky (*Entonando*)

**XOSÉ A:** pois esky!!

**SOFÁ:** (*cantando*)... 'Cause in a sky, 'cause in a sky full of stars, I think I saw yuuuuuuuuuuuuuuuu (*DESAFINANDO*)... encántame coldplay!!

**XOSÉ A:** Cold... que??... o carallo vintetrés! Non sei se estou tolo ou fasma ti estalo... mira, directo ao punto limpo vas

**XOSÉ A:** (*entrando en razón*)... pero imos ver... ti que carallo es... un sofá, un coche, unha ilusión mental polo encerro, un pesadelo... ou un clifhanger?

**COCHE:** clifhanger??'

**HOME:** si, si... clifhanger... un elemento teatral que xera expectativa por non saber por que está presente en todo momento...

**COCHE/CAIXA:** ehhh....

**XOSÉ A:** es unha caixa... unha caixa que leva todo o tempo en escena e que eu persoalmente, e penso que todo Deus nesta sala... queredría abrir, despedazar e por fin comprobar o que gardas... co que nos atormentas... co que me manipulas... así que...

*(levántase e achégase para abrir e ver o que hai dentro)...*

**COCHE/CAIXA:** Non!!!!!!Non!!!!!!

*(Entra en escena todo apurado coma se chegara tarde, mira para a súa nai perdida no escenario e cambiando o ton totalmente cóllea coma se fose un boneco de ventrílocuo e senta na caixa)*

## **ESCENA 9 – MONCHITO, ROCKEFELLER E ALZHEIMER**

*(Entra en escena todo apurado coma se chegara tarde, mira para a súa nai perdida no escenario e cambiando o ton totalmente cóllea coma se fose un boneco de ventrílocuo e senta na caixa)*

**FILLO:** Qué tal, mamá, como estás?

*(a nai move a cabeza asentindo sen falar)*

**FILLO:** Hoxe non falas, OU?. Moves a cabeza como os bonecos

**NAI:** Para o que hai que dicir

**FILLO:** Home, aínda que sexa pouco haberá que dicilo Non?. Gústache amiña camisa nova?

**NAI:** Non moito

**FILLO:** Por que? Por que é rosa?

**NAI:** Porque é rosa

**FILLO:** Pois ti tes unha camisa desta cor e ben guapa que estás.

**NAI:** Non é rosa... é branca

**FILLO:** Rosa palo...

**NAI:** Palos mereces ti máis dos que recibiches...Ademáis estás vello

**FILLO:** O tempo pasa. Xa teño 58 anos.

**NAI:** Non digas parvadas (*ri*), como vas ter 58 se eu son túa nai e teño 50.

**FILLO:** 28... Teño 28

**NAI:** Así si.... E que tal a...a...

**FILLO:** A Xulia?

**NAI:** Non, cona... a...a..

**FILLO:** Sara?

**NAI:** Ti sí que es sara!

**FILLO:** A Rosa?

**NAI:** A Rosa

**FILLO:** Seica vai vir mañá verte

**NAI:** Que non veña

**FILLO:** Por qué? Non che cae ben?... Pois ela quérete moito

**NAI:** Non sei quen é

**FILLO:** A Rosa, mamá. Que acabas de preguntar por ela.

**NAI:** A Rosa. Eu tamén a aprecio moito

**FILLO:** E que tal cos compañeiros, xogaches hoxe ao bingo?

**NAI:** Non. Fan todos trampa. Eu non lle digo nada porque son todos vellos... Cada vez hai máis. Onte chegou outro vello.

**FILLO:** Mira que foto che trouxen. Sabes quen é?

**NAI:** Non sei.

**FILLO:** Son eu. Pero estou maquillado

**NAI:** Coma os paiaos...

*(Entra o Auxiliar)*

**AUXILIAR:** Teñen que ir despedíndose que en cinco minutos remata a hora de visita

*(A nai levántase e o fillo deixa de facer de ventrílucuo cambiando de posición coa nai de maneira sutil. Ó longo do diálogo cambian as tornas; o fillo pasa a ser o boneco e a nai a ventrílocua)*

**FILLO:** teño que marchar, mamá.

**NAI:** Podo ir contigo?

**FILLO:** E que agora vou ao super e tardo un anaco. Cando acabe, veño. Queres que che traia algo do súper?

**NAI:** Non, teño de todo.

**FILLO:** Mellor, por que despois teño cousas que facer

**NAI:** E que cousas tes que facer ti?

**FILLO:** Quedei para tomar café.

**NAI:** Mira ti! E con quen quedaches?

**FILLO:** Co...co....

**NAI:** Co Alberto

**FILLO:** Non, cona... có... có...

**NAI:** Luis?

**FILLO:** Ti sí que es Luis

**NAI:** O Fernando?

**FILLO:** O Fernando

*(Entra o Auxiliar e acompaña ó fillo adentro mentres a nai queda mirando... e outra vez perdida busca a saída de escena sen saber moi ben por onde ir que entronca coa entra de RUBÉN tirando dunha correa do seu fillo coma se fose un cadelo amaestrado enfatizando este momento surrealista de perder a cabeza...)*

## ESCENA 10 – PAPÁ, NON QUERO SER ARTISTA

*Sae a escena un domador de circo levando unha correa longa da que se intúe que hai algo entre as patas... o domador no medio da escena tira para que o que sexa que hai no bordo entre en escena... aparece un neno pequeno (actor en modo neno) cun colar de can e moi tímido... o domador con xestos e palabras da doma circense fai colocarse enriba da Caixa... o neno resístese por vergoña pero remata por ceder... o domador diríxese ao público...*

**Domador:** Grazas polos seus aplausos, donas e cabaleiros... *(ninguén aplaudiu... Pausa e forzando o aplauso)* Grazas polos aplausos!!... eh... eh *(ao neno)*... Ruxe!!

**Neno-Fera:** *(ruxe vergoñosamente)*... mmmm

**Domador:** *(en confianza e movendo o látigo):* Ruxe máis algo, coma che ensinei...!!

**Neno-fera:** *(avergoñado aínda máis)*... grrrrr...

**Domador:** Ale hop!! Ruxe cona!! E fai a voltereta de Hugo Sanchez sabes?? A que practicamos en casa mil veces... veñaaaa!! Ale Hop! Yeah! Ust! Hip! Hip.. hurra!! *(xa non sabe que dicir)*

**Domador:** Ben... donas e cabaleiros, benvidos ao espectáculo máis grande do universo coñecido. Van ser testemuñas dunha das fazañas máis perigosas do mundo... Xamáis ninguén se atreveu a mostralo con toda a súa crudeza e perigosidade... sen artificios, sen apariencias, a verdade espida... sen rede de seguridade...

Teñan moi en conta que este non é un número apto para todos os públicos así que as persoas fácilmente influenciábeis ou sensibles poden verse traumatizadas...

Unha vez comeza o proceso é imposible deter a acción así que é importante que quen non se vexa capaz de manter a calma ten este momento para marchar... *(pausa)*...pois o que van presenciar hoxe aquí non poderán esquecerlo xamais...

*(aparte)* por favor, se nalgún momento a fera escapase, cousa poco probable, pídolles que manteñan a calma e que non se movan dos seus asentos... totalmente quietos, dacordo?? son moi sensibles a calquera movemento e conseguen manipular se perciben o medo ou alteración nos espectadores...

...agora si, entón, sen preámbulos prepárense para desfrutar coa...

“Educación dun cativo”

*(Soa música de doma de circo... e sácase a escena un prato con cubertos que colocan diante do neno, que non entende nada)...*

**Domador:** Non se mastiga coa boca aberta (atizando co látego)... Non comas rápido que che vai sentar mal, sempre mastigar 24 veces antes de tragar *(O neno mira sen entender nada e o domador-pai da co látego máis forte... O neno asústase e comeza a comer obrigado e mastigando esaxeradamente)...*

**Domador:** E voilá!! Bravísimo!! Aplausooo... Increíble verdade??... Pois si, donas e cabaleiros...O meu neno come de todo dende sempre... Froita, carne ecolóxica, verdura, chocolate 90% puro, iogur natural sen azúcares... Forte aplauso de novo!!! *(o pai fai reverencias coma se o mérito fose seu e o neno cada vez máis frustrado)*

**Neno-Fera:** pap....

**Domador:** Shhhh... *(dando golpe co látego)...*

*(Retiran de escena os pratos e entra un balón de fútbol. Pásallo ao neno que queda mirando para o Balón sen facer nada... como que lle aburriuse)*

**Domador:** zum! Yep! Épale... *(co látego máis forte e o neno achégase asustado ao balón e comeza a moverse polo escenario moi torpemente con el totalmente avergoñado)...*

**Domador:** ¡Pero que fas! Veña...non deixes que cha quiten!!... protexe, protexe...

**Neno:** Pap...

**Domador:** iso... dálle, dálle... ti so... claro! Así... conduce, chuta... Ai foder!! Corre! Corre!!

**Neno:** Pa....

**Domador:** Dálle a ese cabrón... Hostia!! somos nenas ou que!! Éntralle foder!!...

**Neno:** ... en serio, pa....

**Domador:** iso... segue! Segue!! Chutaaa... chuta cona!!... Gooooooooooooooooo!! Así se fai... con dous collóns... ese é o meu fillo *(sinalándose o peito)* Bravo!! O meu fillo... ten un don!! O Novo Messi!!...

**Neno:** papá que eu quero facer teatro que non me gusta o fútbol...

**Domador:** *(Avergoñado e “cabreado”)*... Aplausooooo forteeee *(o neno que non fixo nada co balón máis que moverse torpemente agacha a cabeza*

*frustrado)*

*(Sae o balón e entra un libro e o neno mostra curiosidade)*

**Domador:** Veña, a rematar pronto os deberes que tes que adestrar e logo a clase de guitarra... e non esquezas que mañá tes natación para preparar o campionato galego...

**Neno:** *(cada vez máis enoxado)*... podes deixarme ler...

**Domador:** Ala, xa está... a adestrar forte... Messi!! *(lategazo forte que fai que o neno solte o libro do medo)*...

**Domador:** ¡Aplauso!!... Aplauso cona!!

*(Sae el libro. Entra unha consola ou similar... o neno nin se inmuta)*

**Domador:** Deixa a puta maquinita e sae á rúa xogar eh? Que estás todo o día coa merda esa... Ala, a correr e non esquezas facer 100 flexións e quentar ben antes...

**Neno:** papá... e que non me gustan as cons...

**Domador:** Aplausooo por unha educación de calidade!!!

*(Sae a consola)*

**Domador:** E agora o número final... Non poden imaxinar como o fai... ten un don... o Novo Bustamante... Canta!!! *(dálle un micro)*

**Neno:** que??

**Domador:** Cantaaaa!! *(fai xesto ao técnico e soa música de playback de "Dos hombres y un destino" o neno cada vez máis anoxado)*

**Domador:** Como na casa veña... Por el amor, de esa mujer.... Canta foder!! *(lategazo e o neno cada vez máis paralizado diante do público... o playback segue soando)*...

**Domador:** é un número moi difícil, non se alteren...pero o meu neno ten un talento especial... xa dende pequeno afinaba sen clases de canto... ten que ser superdotado porque non é normal... *(ao neno) cantaaaaaaa!!!*

*(O neno sobrepasado tira a rella e berra...)*

**Neno:** *deixame vivir!!!!!!!!!!!!!!*

**Domador:** *(petrificado como asimilando que o neno está sendo forzado a facer cousas que non quere)*... Non se movan señoras e señores... non o asusten... totalmente quietos por favor...

*( O domador achégase lentamente coma se se tratase dun león).*

**Domador:** ups... chist.. epa... rupa... pa... pa... quietoooo...

**Neno:** (Mirando cara o pai totalmente triste)... Papá...

**Domador:**...

**Neno:** Papá (*moi sincero*)...

**Domador:** (*mira o público dentro da ficción como se houberse perigo*)... que?...

**Neno:** (*pausa longa*)... eu non quero ser coma ti... (*quítase o collar e marcha chorando*)

**Domador:**... (*pausa-silencio, reflexiona... mira ao público*) Fortísimo aplauso para o increíble, talentoso, superdotado, mellor neno da vila!!!... meu fillo!!!!

*(Música e ruptuta total dáse entrada á presentación da noite de fin de ano emulando a Pedroche e Chicote... cambio de ano satirizando e criticando os corpos, as mulleres floreiro, a superficialidade, as etiquetas... dende o grotesco total)*

## ESCENA 11 – FELIZ ANIGORDO

*Entran ao escenario dúas persoas vestidas de festa. Home e muller. De boa envergadura ambolosdous. A muller vai elegantemente ataviada cun traxe ou cun smoking, en todo caso levará garavata de lazo. Él entra cun gabán ou, se puidera ser, cun abrigo de peles que oculta o traxe que leva debaixo. Unha Pedroche masculina. Entran facendo soar matasogras e tirando serpentinas e confeti. Levan na man, coma se levasen unha copa de chardonai, un brick de viño “peleón” tipo Don Simón.*

**EL:** *(Ó público)* ¡¡¡Feliz despedida de merda!!!

**ELA:** Noraboa a todos por chegar ata aquí

**EL:** Sexan benvidos a esta despedida e permítanme que levante a miña copa *(levanta o tetabrick a modo de brindis)* para felicitalos

**ELA:** *(Levantando tamén a copa)* Felicitalos por aguantar sen vomitar toda a merda que acabamos de soltar en pequenas doses.

**EL:** *(Dirixíndose a Ela)* A verdade é que ahí estivemos finos colando toda a morralla coma se fose un espectáculo

**ELA:** O mérito é do director que fixo pasar toda esta merda por chocolate e a xente foi tragando.

**EL:** Miñas donas e meus señores. Grazas por seguir aí a pesar das circunstancias.

**ELA:** Son vostedes uns dignos merecedores de toda esta merda. De verdade que nos fan moi felices

**EL:** Estamos xa nos últimos minutos deste espectáculo e imos aprepararnos para despedilo como se merece

**ELA:** Estamos super orgullosos de poder compartir con vostedes estes últimos intres. Como poden ver estamos vestidos coas nosas mellores galas

**EL:** Galas de merda

**ELA:** Pero galas

**EL:** Pero galas

**ELA:** *(Dirixíndose a EL)* Este ano que sorpresa nos tes preparada?. De quen vés vestido?

**EL:** E ste ano veño dun merdento deseñador cun talento de merda que seguro, seguro vaivos deixar a todos coa boca aberta

**ELA:** Non podía ser doutra maneira!

**EL:** Vexo que ti ves super elegante. Non podo poñer nin un só pero a ese magnífico conxunto

**ELA:** Moitas grazas. Pero nos témolo moito máis fácil. Chaqueta elegante,, garavata elegante, una camisa que marque ven as tetas e un pantalón que debuxe ven o potorro e xa está. Vos sí que o tedes difícil para sorprender e abraiar

**EL:** É certo, é certo. Pero afortunadamente eu conto con xente sen talento que me deseñan uns maravillosos vestidos de merda

**ELA:** Danos unha pista de como é ese vestido que escondes debaixo dese abrigo. Que unha cousa che digo. Cun corpo como o teu o difícil é non destacar. Calquera cousa que poñas vai lucir coma se fose merda

**EL:** Non me podo queixar. Non me podo queixar. Grazas a Deus

**ELA:** Pero, a ver, fala... que nos tes super intrigados

**EL:** Só podo dicir que este ano non é tanto cuestión de marcar curvas como de marcar paquete... aí o deixo

*(Ela mira para o público con cara de espectación e facendo señas de “Mi madriña a marabilla que imos a ver”)*

**EL:** Ben. Con todas as cousas xa está chegando o momento da despedida. Creo que non vén mal facer un pequeno repaso dos pasos a seguir para que todo saia perfecto.

**ELA:** Tes toda a razón do mundo... Lembren primeiro sonarán os cuartos

**EL:** Son catro cuartos. Non o esquezan, que todos os anos nos pillan en bragas.

**ELA:** Inmediatamente despois comezan as campanadas. Unha por cada esquetch de merda

**EL:** E cando rematen xa poderemos dicir adeus a toda esta morralla

**ELA:** E agora sí. Chegou o momento de desfrutar ese maravilloso deseño para recibir a despedida como todos vostedes merecen.... *(A el)* Cando queiras!!!

*(Saca o abrigo e descubrimos un bañador tipo Borat o máis pequenoposible. Marcando todo, dende as lorzas ata o paquete. Paséase polo escenario “lucindo palmiño”)*

**ELA:** Non mo podo crer!!!! Isto supera todas as miñas expectativas!!!!

**EL:** Moitas grazas! A verdade é que estamos moi orgullosos do que conseguimos Queriamos insinuar, dunha forma sutil, a beleza testicular de todos os homes. Por iso demos absoluta preferencia ó nabo e ás pelotas, que son os grandes esquecidos na moda, como se nos sentísemos avergoñados de todo o que nos pende aí abaixo.

**ELA:** Abofé que o conseguistes con creces... Non me canso de velo!

**EL:** *(Con emoción)* Xa empezan... Xa empezan as campanadas... Atención!!

**ELA:** Aí veñen os cuartos!!!...

*(Soa unha voz en off para os cuartos e as campanadas)*

**OFF:** Cuarto e metade...

**EL:** Primer cuarto!!!!

**OFF:** Cuarto milenio...

**ELA:** Segundo cuarto!!!

**OFF:** Cuarto menguante...

**EL:** Terceiro!!!!!

**OFF:** cuarto escuro.

**ELA:** Comezan as campanadas!!!

*(Cada campanada será un eructo da voz en off, mentras os presentadores por cda unha meten na boca un polvorón e van falando e nomeando as campanadas tipo “Unha, dúas tres, catro, cincoporelculotelahinco” ou algo parecido”. Ó ter a boca chea de polvoróns serálles difícil falar etentarán tragar a comida dando sorbos de viño ata chegar a unha imaxe case bacanal para rematar dicindo...)*

ELA E ÉL: ¡¡¡Feliz despedida de merda!!!

*(Momento no que nese clímax de fin de festa... a Caixa que serve de peana no balcón racha por fin parece que se pode ver o seu interior... os dous presentadores quedan pasamados rompendo a ficción da festa... todos os membros do cabaret saen a escena e rodean a Caixa... )*

## **EPÍLOGO**

*(silencio e momento climático de saber que contén... que son cartolinas cos nomes reais dos actores acompañado dun apelativo que fai referencia á temática que cada un dos actores quixo tocar na peza... e todos en proscenio collendo o papel co nome do outro fala a corazón aberto dos porques das eleccións e dos temas que lles preocupan e lles tocan... saímos do surrealista e cómico para entrar no espido e sinceridade total dos artistas...)*

*O momento remata cíclicamente cunha mesma frase do monólogo inicial pero cambiando os adxectivos do cabaret por outros moito máis profundos, serios e comprometidos... que rematan dun xeito hipotónico e serio dicindo Cabaret Dartrela... sen música... luz vai caendo e quedan inmóbiles en escena despois da reflexión parecendo que o que remata é undrama...)*

